

Unha ollada sobre a Galiza en tres discursos: Castelar, Emilia Pardo Bazán, Gaspar Núñez de Arce¹

María Pilar García Negro
UNIVERSIDADE DA CORUÑA
maria.pilar.garcia.negro@udc.gal

(recibido novembro /2021, aceptado decembro/2021)

RESUMEN: A presente comunicación recolle estritamente o texto lido no Congreso dedicado a Emilia Pardo Bazán, organizado pola Real Academia Galega, na sesión-mesa redonda que tivo lugar o 26 de Outubro de 2021, na sede desta institución. A autora atívose ao tempo previamente marcado (quinze minutos), polo que o esquematismo da intervención está servido. Esta comunicación, pois, ofrece só tres *flashes* de senllos autores significadísimos do XIX español: Castelar, Pardo Bazán, Núñez de Arce, que se corresponden, respectivamente, cun paratexto e con discursos proferidos na Coruña e en Madrid, nun arco temporal referido á década de 80 daquel século: 1880, 1885, 1886. As tres pezas revelan unha unidade esencial, nun tempo histórico decisivo: a proclamación da prevalencia indiscutíbel da nación española e, en congruencia, a desestima-condena dos intentos de reorganizar o Estado (rexionalismo, “separatismo”, na linguaxe epocal). Sendo andaluz o primeiro dos autores citados e castellano o terceiro, o discurso de Emilia Pardo Bazán, galega, cobra un plus de *auctoritas* e contribúe a formatar un prototipo crítico verbo da lingua e da literatura galega daquela renacente. Os tres textos, en fin, son expresivos dun triángulo inevitábel: lingua / literatura / ideoloxía, arredor da noción de España e da súa organización interna.

PALABRAS CHAVE: Castelar, Emilia Pardo Bazán, Gaspar Núñez de Arce, España, visión de Galicia.

ABSTRACT: This communication collects strictly the text read at the Conference dedicated to Emilia Pardo Bazán, organized by the Real Academia Galega, in the round-table session that took place on October 26, 2021, at the headquarters of this institution. The author adhered to the time previously set (fifteen minutes), so only an outline of the research was presented. This paper, then, offers only three flashes of individual significant authors of the Spanish nineteenth century: Castelar, Pardo Bazán, and Núñez de Arce, which correspond, respectively, with a paratext and speeches delivered in A Coruña and Madrid, in a time span referring to the decade of 80 of that century: 1880, 1885, 1886. The three pieces reveal an essential unity, in a decisive historical time: the proclamation of the indisputable prevalence of the Spanish nation and, accordingly, the rejection-condemnation of the attempts to reorganize the State (regionalism, “Separatism”, in epochal language). Being Andalusian the first of the cited authors and Castilian the third, the speech of Emilia Pardo Bazán, Galician, receives a plus of *auctoritas* and is part of a certain

¹ Debo a Xosé Antonio Fraga a recordación dunha sintomática casualidade. No banquete ofrecido a D^a Emilia Pardo Bazán, en Madrid, en 1885, a escritora ten á súa dereita Emilio Castelar, e á súa esquerda, Gaspar Núñez de Arce. É neste banquete onde a escritora coñece o político andaluz.

critical prototype about the Galician language and literature being reborn at that time. The three texts, in short, are expressive of an inevitable triangle: language / literature / ideology, around the notion of Spain and its internal organization.

KEYWORDS: Castelar, Emilia Pardo Bazán, Gaspar Núñez de Arce, Spain, vision of Galicia.

ACTO PRIMEIRO

Emilio Castelar en escena. Prólogo a *Follas novas*, de Rosalía de Castro. 1880. Quince páxinas en quince densos parágrafos. A obra rosaliana demora oito anos en poder ser publicada. Anunciada en 1872, transita polo Sexenio Democrático, a monarquía amadeísta, a I República, sen ver a luz, e só coñecerá a súa publicación, xa en plena Restauración, mercé aos bons oficios de Alejandro Chao, editor de *La Propaganda Literaria*, en La Habana, amigo de vello da escritora e de Murguía (Rodríguez 2011: 319 e ss.). Temos denominado hai anos o paratexto de Castelar prólogo-escudo (García Negro 2010: 104 e ss.), isto é, unha especie de salvoconduto ou pasaporte para a obra poder circular; o primeiro indicio xa nolo facilita a capa do libro: idéntico tamaño tipográfico e destaque do nome de autora e prologuista. Aos efectos que nos interesan neste traballo, salientaremos como o que fora derradeiro presidente da I República estaba xa a aquela altura, 1880, convenientemente instalado na política restauracionista, como presidente do Partido Demócrata Posibilista mais preparando o camiño para a súa integración futura no Partido Liberal de Sagasta e, por tanto, no marco turnista de longo asentado na monarquía restaurada.

Debemos agardar ao noveno parágrafo para que o nome da escritora prologada apareza en escena, encarecendo que se a literatura galega non tivese máis libro que *Follas novas*, este, en por si, bastaría para lle dar luz e gloria. A partir deste encomio, repara nos poemas que máis chamaron a súa atención e subliña como a maior cualidade da poeta reside na misteriosa relación que é capaz de achar entre o universo da humanidade e o da natureza, como poeta lírico e, ao cabo, elixíaco: todas as dores da Galiza falan por boca de Rosalía, polo que a súa é obra social, a por de subxectiva. O conxunto do prólogo, porén, contén uns outros elementos de interese que importa subliñar, porque estamos ante unha sorte de prototipo crítico de fecunda descendencia posterior.

A esta altura, o autor non coñece a Galiza (Martínez González 2019: 82). Emparéntaa con Asturias e contraóna ao seu amado sul andaluz. Comeza un longo itinerario discursivo que combinará a ensoñación, a representación do que a Galiza é (ou debera ser) na súa ideación e, o máis relevante, a composición dun ethos galaico acompañado dunha inclusión *ordenada* da Galiza, cuxa literatura, por mor da lei da variedade, debe coexistir coa “literatura nacional”, sempre sen mingua da única patria admitida, a española. Alerta Castelar dun perigo que ten factíbel solución, no seu xuízo: “Para matar el provincialismo exagerado, no hay medio como satisfacer las justas exigencias provinciales” (Castelar 1982: XXII). Conforme á lei da variedade, a literatura galega ha de contribuír a fortificar a española. Rosalía é, pois, “un astro de primera magnitud en los vastos horizontes del arte español” (Castelar 1982: XXII). Comeza así o proceso de integración subordinada, a inclusión nunha *ortodoxia* que vén ser, ao cabo, a antítese cabal da obra rosaliana en

si: toda ela impugna os asertos proclamados neste paratexto, que si alimentou, con toda probabilidade, futuras visións sobre a estética e a función rosalianas.

ACTO SEGUNDO

A Coruña. 2 de setembro de 1885. En escena, o mesmo Castelar e D^a Emilia Pardo Bazán. Estrea como oradora da segunda, da man do primeiro. Pretexto: homenaxe a Rosalía de Castro, morta sete semanas antes. Emilia é consagrada como presidenta do acto e como honoraria da entidade organizadora, o Liceo de Artesanos, cuxa presidencia ostenta o seu marido, D. José Quiroga. Inmellorábel debut como tribuna para a escritora que dúas semanas despois faría 34 anos. Está, pois, no ecuador da súa vida, e na inauguración, na súa terra natal, do seu futuro e pródigo exercicio como conferencista. Hai varios motivos comúns entre o seu discurso e o do seu padriño no acto. Enumerémolos: a ponderación da natureza galega; o inxénito carácter saudoso e bucólico da súa literatura; o valioso contributo da Galiza ás glorias de España; a denuncia dunha prostración debida ao abandono de gobernos insensíbeis que son, na súa ineptia, semente de perigoso separatismo. Sen dúbida, un e outro discurso dialogan entre si, mais cunha importante novidade². O da oradora novel conta cun plus de *authoritas*: ela é galega, coñece a súa terra e séntese en condicións de impartir doutrina, quer dicir, de levar ás súas últimas consecuencias o programa político só insinuado na retórica castelarina. E así vai ser executado con toda a rotundidade. Se o Demóstenes español advirte, alarmado, da posibilidade dun consorcio portugués-brasileiro-galego, e abomina, equidistante, da bandeira do absolutismo como da bandeira da demagogia, Pardo Bazán, como “alumna” avantaxada, extremará a doutrina política: “el renacimiento lleva en sí un germen de separatismo, germen poco desarrollado todavía, pero cuya presencia es imposible negar, y que acaso sea el único fruto político y social de este florecimiento poético” (Pardo Bazán 1984: 40).

Ora ben, é moito máis decisivo o que contén o discurso pardobazaniano. Desmintamos decontado un tópico estendido: o que dá en afirmar que a escritora valorou na súa xusta medida *Cantares gallegos* e minusvalorou ou desprezou *Follas novas*, mesmo à rebours do recoñecemento castelarino. Non é así en absoluto. D^a Emilia aplica toda a súa perspicacia en condenar, desde a súa lóxica unitarista e supremacista, o perigo da literatura galega renacente como xerme de indesexábel e nefasto separatismo. Denuncia, logo, a lamentábel e perversa confusión, no seu xuízo, de “tierra” ou “región” e “patria” (Pardo Bazán 1984: 40), xa que a única admitida e admisíbel é España, desde o Trópico até o “Finisterre”, e ela, España, é “inviolable en su unidad, santa en sus derechos” (*ibidem*). O dogma revela perfectamente, nos exactos adxectivos utilizados, a alianza Altar e Trono en inapelábel confusión.

² O discurso de Castelar neste acto non se conserva. As referencias ao mesmo inférense das crónicas de prensa (Martínez González 2019: 93-95). En todo caso, a escritora sería coñecedora do prólogo a *Follas novas* e, con toda probabilidade, tamén deste discurso (Castelar fora hóspede seu e con el se aconsellou para a mellor presentación da súa peza oratoria como debutante).

A oradora debutante continúa así mesmo a esteira castelarina –engrandecéndoa e fortificándoa– cando se refere a que a nutrida folla de servizos galegos a España debe ser recompensada, para evitar males maiores que enuncia *ore rotundo*: “Y esperemos que jamás llegará á tomar cuerpo tangible ninguna idea contraria á la unidad de la patria, lo cual sería para las literaturas regionales cargo más grave que el de romper la del idioma y del pensamiento artístico nacional” (Pardo Bazán 1984: 42). Nengún gobernante español –conservador ou liberal– o expresaría mellor. Non abonda con o españolismo ser un pleonasma de calquer goberno español: cómpre activar, na necesaria impartición de doutrina na súa terra natal, o *revival* do vello dogma unitarista: unidade de lingua, de xurisdición, de mercado, de relixión, de ensino (Felipe V *dixit*). Na edición en libro deste discurso, no volume *De mi tierra* (1888), en nota engadida, a escritora enuncia claramente o obxectivo, a fatal desembocadura histórica: “El impulso inevitable de toda nacionalidad á extinguir los dialectos y á que prevalezca el más perfecto y general de entre ellos, que constituye la lengua patria” (Pardo Bazán 1984: 43). Desde estes presupostos, o *Diktat* sobre a literatura rosaliana estaba servido: toda ela supuña unha insidiosa interrupción da marcha *natural e lóxica* da historia, isto é, o triunfo indiscutíbel da sacralidade española. En dúas palabras: o discurso pardobazaniano non define Rosalía de Castro, define a oradora.

ACTO TERCEIRO

1886, 8 de novembro. Escenario: Ateneo Científico y Literario de Madrid. Solemne sesión de apertura das súas cátedras. Orador: Gaspar Núñez de Arce. Título do discurso: “Estado de las aspiraciones del regionalismo en Galicia, país vascongado y Cataluña”. Vexamos a representación que de nós –dos nosos antepasados directos– realiza o académico, escritor e político liberal español, con intensa carreira: gobernador civil de Barcelona, deputado por Valladolid, ministro de Ultramar, de Gobernación e de Instrucción Pública, senador vitalicio... É realmente admirábel a mención de todos os elementos do catálogo precisos para xustificar a condena do rexionalismo e a íntima unión de cultivo literario-reivindicación política. Enunciémoslos. O perigo real está nun activismo político de novo cuño que non se nega o uso de caisquer tribunas públicas –na fábrica, na praza, no templo– para concitar “las ciegas iras del exclusivismo local, no sólo contra la unidad, sino contra la existencia de la patria”(Núñez de Arce: <https://filosofia.org/aut/002/1886arce.htm>). Por moito que procedan dunha seita, non deben ollarse con desdén, aínda cando, “gracias a Dios, no corra peligros nuestra unidad nacional, ni en Galicia, ni en las provincias vascas ni en Cataluña” (*ibidem*). Se aquelas perversións encerraren no seu fondo o xerme de probábeis conflitos, bon será acometelas de frente, antes de que adveña a catástrofe.

Cal é, no seu xuízo, o alimentador de tais desvíos? O “culto fanático, fuera de toda realidad” ás linguas particulares, que en louca hipérbole, pasan de ser “santa reliquia de familia” (*ibidem*) a ambicionar o status da lingua oficial, “que no por caprichosa voluntad de los hombres, sino por causas mucho más altas, ha llegado a alcanzar la perfección, la universalidad y el predominio que las lenguas y dialectos provinciales no han podido conseguir” (*ibidem*). O mundo sería Babel “si no hubiese idiomas que, en virtud de

su fuerza expansiva y por la energía de la raza de donde provienen, se extienden, se propagan y convierten en medios eficaces de civilización" (*ibidem*). Esta "ley fatal que rige el desenvolvimiento, marcha y destino de las lenguas" (*ibidem*) non é obstaculizada na Galiza nen nas provincias vascas, nen en Valencia ou Mallorca. É o "particularismo catalán, perdido en el laberinto de sus intransigencias" (*ibidem*), o perigo a conxurar. Na Galiza existe, segundo o orador, un "regionalismo" que se debuxa como "embrión informe", "de modo tan tímido, inofensivo y nebuloso, tal vez por no encontrar condiciones favorables para su desarrollo, que puede considerársele como un vago anhelo, nada más" (*ibidem*). Isto é así porque nen as cidades, "completamente castellanizadas" nen "el pueblo de las aldeas, tan malicioso como prudente" (*ibidem*) prestan atención ás declamacións dalgúns escritores que soñan cousas imposíbeis. Son razoábeis as queixas de desatención daquelas "leales y honradas provincias" (*ibidem*), mais "es menester confesar, en honra de ellas, que nunca esta creencia ha traspasado los límites de queja fraternal, ni ha revestido formas hostiles a la tranquilidad de la patria" (*ibidem*). O perigo é o "regionalismo intransigente, que quisiera trastornar los cimientos de la sociedad española y destruir de un golpe la obra de muchos siglos" (*ibidem*). O Estado, en fin, debe fortalecer entidades administrativas por el creadas e delimitadas: provincias e municipios. É así como se deben conxuminar a forza centrípeta e a centrífuga. Só así a Galiza, as provincias vascas e Cataluña coñecerán "que la rama más frondosa de un árbol se seca y muere cuando se desgaja del tronco a cuya savia debió su crecimiento, sus hojas y su fruto" (*ibidem*).

Abonda. Pasma a confección e reiteración dun *catecismo*, dun manual do bon español que converte en axiomas tanto as saudades do imperio perdido ou perdíbel como a indiscutíbel esencia da nación única, superior, incontestábel, sagrada, inexorábel como o funcionamento da propia natureza. Este común denominador desfai de vez o aparente paradoxo da coincidencia de "dereitas" e "esquerdas" na política española. É o españolismo irrenunciábel o que une, no mesmo palco, conservadores e liberais, absolutistas e republicanos moderados, canovistas e sagastinos, reaccionarios e progresistas. Non cairemos na fácil tentación de extrapolación aos nosos días. Demasiado transparente e visíbel.

EPÍLOGO

Dividimos a exposición ao xeito teatral. Quere significar que estamos a falar dunha simples escenificación? Talvez dunha sobreactuación puntuada por un *in crescendo*, desde aquela "extraña y desconocida Galicia", de Castelar (Castelar 1982:VIII), até a doenza mortal detectada por Núñez de Arce, pasando pola rotunda advertencia de Pardo Bazán? En absoluto. É, nos tres casos, a cabal exposición dun programa, dunha doutrina ferreña, asistida por dous profesionais do exercicio político directo e por unha política con todas as letras, por moito que non puidese ostentar cargo partidario ou gubernamental por ser muller. É, a dos tres, unha auténtica construción da Galiza *pro domo sua*. Correspóndese coa Galiza real, coa existente material, social e economicamente na década de 80 do século XIX? Vexamos. Fixemos desfilar polo noso palco imaxinario tres personaxes. Ula, a referencia principal? Onde fica a Galiza deste tempo? Sangrada pola pavorosa

emigración. Comesta de impostos (“trabucos”) devoradores da súa economía. Atacada (imposto de consumos) nos seus bens básicos: alimento e teito. Obturada a súa produción tradicional de liño e de viño. Bloqueada a exportación cárnica a Inglaterra. Submetida a décimos, quintas e foros. A sofrer fames periódicas, por colleitas ruíns ou fanadas. Con 25 anos de demora na construción da primeira liña férrea. Nada disto comparece na escena. Si, a Galiza real é a grande incomparecente no discurso tripartito. Os escritores do Renacemento, con Rosalía de Castro á cabeza, son os *culpábeis* de elevala ao escenario, de lle dar voz e rostro. Ao cabo, tiñan razón os próceres españois na advertencia do perigo: “todo” comezou pola lingua e a literatura.

BIBLIOGRAFÍA

Castelar, Emilio (1982): “Prólogo” a Rosalía Castro de Murguía: *Follas novas* [Reproducción facsímil da primeira edición]. A Coruña. Real Academia Galega.

García Negro (2021): *Galiza e feminismo en Emilia Pardo Bazán*. Santiago de Compostela. Alvarellos.

Martínez González, Xurxo (2019): “O presidente da República que prologou *Follas novas* de Rosalía. Notas a unha relación de Emilio Castelar coa cultura galega (Pardo Bazán vs. Murguía)”. *Follas Novas*, nº 4 (pp. 80-109). Padrón. Fundación Rosalía de Castro.

Núñez de Arce, Gaspar (1886): “Estado de las aspiraciones del regionalismo en Galicia, país vascongado y Cataluña”: <https://filosofia.org/aut/002/1886arce.htm>.

Pardo Bazán, Emilia (1984): *De mi tierra*. Vigo. Xerais.

Rodríguez, Francisco (2011): *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria (a persoa e a obra de onte a hoxe)*. A Coruña. Asociación Socio-Pedagóxica Galega.